

Advertido erro na Resolución Reitoral do 11 de xaneiro de 2019 pola que se publica a **Convocatoria 1/2019** de contratación de persoal para colaborar en actividades de investigación mediante contrato de obra ou servizo determinado, faise pública a corrección que a seguir se indica:

Na **praza de referencia 2018-CP140** titulada “Asesoramento e revisión en procesos administrativos de tipo económico e fiscal” da que é Investigador Principal Dona Rosa María Regueiro Ferreira

Onde di:

No apartado de Méritos ítem nº 3 “FPII en Administración e Dirección de Empresas”

Debe dicir:

No apartado de Méritos ítem nº 3 “FPII en Administración e Finanzas”

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2019
Por delegación do Reitor,
Resolución do 20/06/2018, DOG 29/06/2018)
O Vicerreitor de Investigación e Innovación,
Vicente Pérez Muñuzuri
(Documento asinado dixitalmente)